**BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA**

VOL. VII / 1993 / NÚM. 9
SEMANAS 33-36 / 1993
(15 agosto 1993 / 11 setembro 1993)

XUNTA DE GALICIA — CONSELLERÍA DE SANIDADE
SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

# PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA HEPATITE B (IV)

## SUBPROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL NOS GRUPOS DE ALTO RISCO (1.ª parte)

### XUSTIFICACIÓN

Aínda que se sabe que a vacinación universal dos recén nacidos é a única estratexia que a longo prazo conseguirá o control da transmisión da infección polo VHB e que a vacinación universal dos preadolescentes é unha eficaz estratexia para previr a medio-curto prazo esa transmisión na poboación que con maior inmediatez vai estar exposta ó VHB, considérase imprescindible manter e incrementar, no posible, a vacinación anti-hepatite B dirixida a protexe-los chamados grupos de risco.

Esta estratexia acelerará o control da enfermidade, dado que a maioría das infeccións por VHB ocorren na idade adulta. Polo tanto, as estratexias que recomendan a vacinación universal non impiden nin alteran as recomendacións neste sentido, antes ó contrario, ámbalas dúas se reforzan.

Estas recomendacións proveñen da constatación de que, se ben é certo que o risco de infección por hepatite B existe para toda a poboación en xeral, non é menos certo que incide fundamentalmente sobre colectivos específicos nos que as denominadas prácticas de risco son máis frecuentes.

Así, en relación ó persoal sanitario, estudios realizados en hospitais españois demostran que aqueles profesionais que traballan en áreas cun maior contacto co sangue e con pacientes presentan unha prevalencia máis elevada de marcadores serolóxicos de infección pasada (anti-HBs) e que o risco de infección é maior para as enfermeiras e auxiliares que para os médicos, aumentando a probabilidade de risco coa idade e a antigüidade laboral. A prevalencia de HBsAx é igual ou só lixeiramente superior á dos doadores de sangue (1-2%), pero a taxa anual de hepatite B é moi superior á estimada para a poboación xeral. O persoal de limpeza de institucións sanitarias presenta un risco relativo superior ó dos demais empregados.

Entre o persoal sanitario extrahospitalario, os odontólogos son os profesionais que están máis expostos ó risco de infección polo VHB.

No que respecta ós usuarios de drogas por vía parenteral (UDVP), a prevalencia de HBsAx está en relación coa intensidade do hábito, pero non coa súa antigüidade no mesmo, xa que a infección semella adquirirse despois do primeiro ano de adicción. Esta prevalencia sitúase entre o 6% e 10% dos UDVP atendidos en centros de rehabilitación e entre o 15 e 20% en toxicómanos encarceados.

A prevalencia de HBsAx nos homosexuais españois promiscuos oscila entre o 2,5% e o 9% e a de anti-HBs entre o 56% e o 87% constatándose a súa relación cos anos de práctica homosexual, o número de contactos e a frecuencia de antecedentes de enfermidades de transmisión sexual. A infección por VHB tamén está moi estendida nas prostitutas, que presentan unha prevalencia de HBsAx comprendida entre o 2,7% e o 7,5%. O risco de infección é obviamente máis elevado entre as prostitutas adictas a drogas por vía parenteral.

Entre os pacientes en hemodiálise, a prevalencia de HBsAx varía notablemente duns centros a outros, sendo as cifras extremas atopadas do 8,6% e do 20% e están en relación directa co tempo de permanencia en diálise.

Os pacientes hemofílicos están expostos a adquiri-la hepatite B a partir do uso do factor VIII e elaborados de plasma de múltiples doadores. A prevalencia de HBsAx, en sendos estudios, foi do 11,9% nos hemofílicos de Barcelona e do 15% nos de Sevilla.

As transfusións sanguíneas constituen un factor de menor importancia na transmisión do VHB, sendo a causa de aproximadamente, e segundo algúns estudios, o 3% dos casos de hepatite B. Aínda que na actualidade o uso de reactivos máis específicos e sensibles de cara a identifica-lo sangue contaminante, fai que esta porcentaxe sexa menor.

Así mesmo, os deficientes mentais atendidos en institucións pechadas presentan, segundo dous estudios efectuados en España, unha prevalencia de HBsAx comprendida entre o 9,8% e o 10,6%. O risco de infección está en relación coa duración da estancia na institución e co grao de déficit intelectual, sendo maior nos pacientes con Síndrome de Down. Os pacientes atendidos en institucións abertas presentan unha taxa de infección moito máis baixa (5%-5,8%).

Ademais de protexer a estas poboacións en risco, cómpre ter en conta que o seu contacto con outros colectivos susceptibles á infección por VHB supón un risco para a saúde da comunidade en xeral, polo que se precisa actuar, tamén, a nivel dos conviventes e parellas sexuais dos portadores de HBsAx. O risco de infección por VHB é de 5 a 6 veces superior nos familiares que conviven cun portador de HBsAx que en cónxuxes e fillos de individuos control, polo que se inclúe a estes conviventes e parellas sexuais de portadores dentro dos grupos de risco.

As parellas sexuais e fillos menores de un ano que conviven con enfermos de hepatite B aguda presentan tamén un alto grao de risco de infección. Isto xustifica unha actuación concreta que, se ben entraría dentro das indicacións de profilaxe postexposición, se inclúe neste Subprograma por seren así mesmo subsidiarios de vacinación antihepatite B. Esta actividade, pola maior facilidade de acceder ás familias de pacientes con hepatite aguda ca ás dos portadores de HBsAx asintomáticos, pódese considerar como de grande rendabilidade.

En consecuencia, e de acordo co anteriormente exposto, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde estableceu certos grupos de poboación nos que se recomenda especialmente a vacinación fronte á hepatite B:

1.—Recén nacidos, fillos de nais portadoras (Subprograma de Prevención da Transmisión Perinatal).

2.—Persoas que practican puncións cutáneas frecuentes, non controladas medicamente (adictos a drogas por vía parenteral, etc.).

3.—Persoal sanitario e parasanitario que teña contacto frecuente con sangue e agullas, especialmente o persoal que estea en período de formación.

4.—Outro persoal que traballa en centros sanitarios, en función do seu grao de exposición a materiais ou productos potencialmente infectados.

5.—Poboación reclusa e persoal que traballa en contacto con ela.

6.—Receptores habituais de factores de coagulación.

7.—Persoas que van a ser sometidas a transfusións múltiples.

8.—Pacientes sometidos a hemodiálise.

9.—Persoas deficientes mentais que están acollidas en institucións, e persoal que traballa en contacto con elas.

10.—Poboación que cambia frecuentemente de parella (homosexuais e heterosexuais).

11.—Convivintes e contactos sexuais de portadores.

12.—Viaxeiros que vaian a residir máis de seis meses en estreita convivencia con habitantes de zonas de alta endemia.

13.—Persoas que viaxan frecuentemente a zonas de alta endemia, incluso durante períodos de corta duración, cando se presuma a posibilidade de establecer contactos sexuais.

14.—Casos concretos donde concurran circunstancias específicas que o aconsellen. Dentro deste punto, a Dirección Xeral de Saúde Pública considera apropiado incluir ós menores institucionalizados en Centros de acollida e similares, sempre que tra-la valoración previa das súas circunstancias epidemiolóxicas, se consideren como de alto risco para a transmisión do virus da Hepatite B e sexan por elo, tributarios dunha actuación preventiva neste sentido.

## POBACIÓN OBXECTIVO

A poboación diana do Subprograma é a poboación xeral, aínda que a poboación obxectivo da intervención sexan os grupos de risco citados anteriormente.

## OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

1. Identificación, investigación e vacinación, se procede, do maior número posible de persoas pertencentes ós grupos de alto risco.

2. Dota-los profesionais sanitarios dos coñecementos e medios axeitados para que integren na súa práctica clínica diaria as actividades de prevención e control desta enfermidade que lles correspondan: identificación e captación para a súa vacinación de persoas de alto risco, correcto manexo da profilaxe postexposición, detección de portadores, educación sanitaria da poboación e dos grupos de risco, etc.

3. Que a poboación xeral teña acceso a unha información axeitada sobre a transmisión da infección polo VHB e como previla.

Obxectivos específicos

1. Conseguir anualmente que o 70% dos usuarios de drogas por vía parenteral que contacten coas unidades de atención ó drogodependente reciban polo menos a primeira dose da vacina antihepatite B.

2. Conseguir para 1997 que o 40% dos usuarios de drogas por vía parenteral atendidos polas Unidades de Atención ós Drogodependentes que comezaron a pauta vacinal, e sexan susceptibles, queden protexidos fronte á hepatitie B, completando a pauta de 4 doses.

3. Conseguir anualmente que o 70% das persoas que ingresen nunha institución penitenciaria reciban polo menos a primeira dose da vacina antihepatite B.

4. Conseguir para 1997 que o 40% dos internos en institucións Penitenciarias que permanezan nelas por un prazo superior ós 6 meses, e que sexan susceptibles, queden protexidos fronte á hepatite B, completando a pauta de 4 doses.

5. Conseguir para 1997 que o 80% dos minusválidos psíquicos institucionalizados e o 60% dos menores institucionalizados nos centros considerados de risco para a transmisión da hepatite B reciban unha pauta vacinal completa de alomenos 3 doses.

6. Conseguir para 1997 que o 65% do persoal sanitario en exercicio público ou privado, e o 60% do persoal non sanitario que traballa en centros con posibilidade de contacto co sangue portador do HBsAx reciban unha pauta vacinal completa de alomenos 3 doses.

# ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS SANITARIAS DE ATENCIÓN INTEGRADA SEMANAS 33 - 36, do 15/8/93 ó 11/9/93

| | INMUNOPREVIBLES | | | | | | | | | | | | TRANSMISIÓN SEXUAL | | | | | | | | ZOONOSES | | | | OUTRAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z.S.A.I. E ÁREAS | RUBEOLA | | | | PAROTIDITE | | | | TOSEFERINA | | | | SÍFILIS | | | | URETRITE GONOCÓCICA | | | | BRUCELOSE | | | | HEPATITE VÍRICA B | | | |
| | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. |
| Fene | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O Ferrol | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 |
| Narón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 20 | 0,95 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ortigueira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 7 | 0,78 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O FERROL | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 1,20 | 30 | 0,47 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 8 | 0,00 |
| Betanzos | 1 | 0,00 | 4 | 0,21 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 27 | 0,64 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Culleredo-Burgo | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 21 | 0,72 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Coruña | 0 | 0,00 | 5 | 0,19 | 0 | 0,00 | 3 | 0,14 | 0 | 0,00 | 1 | 0,03 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 7 | 3,50 | 99 | 2,61 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 12 | 4,00 |
| Carballo | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 11 | 0,32 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Cee | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 7 | 0,47 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A CORUÑA | 1 | 0,00 | 11 | 0,09 | 0 | 0,00 | 6 | 0,08 | 0 | 0,00 | 2 | 0,05 | 0 | 0,00 | 3 | 0,43 | 8 | 0,35 | 165 | 0,94 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 14 | 2,80 |
| Boiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Estrada | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 | 6 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Lalín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,00 | 17 | 0,55 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Melide | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 7 | 0,00 | 7 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Noia | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 13 | 0,65 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 2,00 |
| Ordes | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 18 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Padrón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribeira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 1,00 |
| Santa Comba | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santiago | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 2,00 | 42 | 0,60 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 1 | 0,00 | 3 | 0,00 |
| SANTIAGO | 0 | 0,00 | 1 | 0,03 | 0 | 0,00 | 5 | 0,03 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,17 | 14 | 0,56 | 104 | 0,37 | 7 | 0,00 | 9 | 9,00 | 2 | 0,00 | 10 | 2,00 |
| Marín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 25 | 2,08 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 |
| Pontevedra | 0 | 0,00 | 4 | 0,17 | 0 | 0,00 | 6 | 0,05 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 8 | 1,60 | 39 | 0,93 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Sanxenxo | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,07 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 31 | 2,82 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0,00 | 5 | 0,17 | 2 | 0,50 | 8 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 12 | 1,33 | 95 | 1,30 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 5,00 |
| Cangas | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 3 | 0,38 | 2 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 | 10 | 1,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,00 |
| Ponteareas | 0 | 0,00 | 38 | 2,71 | 1 | 0,00 | 4 | 0,31 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 20 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Porriño | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 0,06 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 1 | 0,50 | 11 | 1,38 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Redondela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 18 | 1,38 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Tui | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 41 | 0,91 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Valmiñor | 0 | 0,00 | 1 | 0,11 | 0 | 0,00 | 1 | 0,10 | 1 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 1 | 0,00 | 3 | 3,00 |
| Vigo | 2 | 0,67 | 5 | 0,16 | 1 | 0,33 | 9 | 0,16 | 0 | 0,00 | 12 | 2,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,55 | 1 | 0,25 | 49 | 0,62 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 1 | 1,00 | 39 | 4,88 |
| VIGO | 2 | 0,67 | 47 | 0,54 | 3 | 0,60 | 18 | 0,06 | 3 | 1,50 | 16 | 1,45 | 0 | 0,00 | 11 | 0,69 | 7 | 0,44 | 151 | 0,84 | 0 | 0,00 | 5 | 5,00 | 3 | 1,50 | 48 | 5,33 |
| Carballiño | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 10 | 0,43 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Celanova | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,50 | 33 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ourense | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 2 | 0,08 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,00 | 8 | 0,80 | 52 | 0,60 | 0 | 0,00 | 3 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 |
| Ribadavia | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 12 | 0,41 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Verín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 1 | 0,25 | 11 | 0,31 | 0 | 0,00 | 3 | 0,18 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Xinzo de Limia | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 24 | 0,26 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| OURENSE | 0 | 0,00 | 2 | 0,06 | 1 | 0,25 | 4 | 0,06 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,67 | 16 | 0,42 | 142 | 0,40 | 0 | 0,00 | 7 | 0,15 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 |
| Monforte de Lemos | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 | 15 | 0,21 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| MONFORTE | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,17 | 15 | 0,21 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Becerreá | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,36 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Lugo | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 7 | 0,47 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 3 | 0,60 | 44 | 0,55 | 0 | 0,00 | 15 | 1,36 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Sarria | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 19 | 1,06 | 0 | 0,00 | 4 | 0,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilalba | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 0,63 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| LUGO | 0 | 0,00 | 6 | 0,38 | 0 | 0,00 | 9 | 0,26 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 5 | 0,50 | 72 | 0,62 | 0 | 0,00 | 23 | 0,92 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 |
| Viveiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,08 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Cervo-Burela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 13 | 0,62 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribadeo | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 1 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| CERVO | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 1 | 1,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 19 | 0,45 | 1 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 |
| O Barco | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,10 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 31 | 0,27 | 0 | 0,00 | 11 | 0,79 | 0 | 0,00 | 5 | 0,00 |
| O BARCO | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,10 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 31 | 0,27 | 0 | 0,00 | 11 | 0,79 | 0 | 0,00 | 5 | 0,00 |
| Vilagarcía de Arousa | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 31 | 0,82 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O SALNÉS | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 31 | 0,82 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| **GALICIA** | **3** | **0,19** | **77** | **0,23** | **7** | **0,39** | **55** | **0,04** | **3** | **0,50** | **24** | **0,28** | **1** | **0,33** | **23** | **0,47** | **71** | **0,47** | **855** | **0,56** | **8** | **0,80** | **65** | **0,60** | **5** | **0,83** | **96** | **2,67** |

* Os resultados deste cadro son provisionais.

7. Conseguir que o 80% dos estudiantes de medicina, enfermería, auxiliar de clínica, odontoloxía, técnicos de laboratoiro e outras profesións similares que desenvolvan tarefas que impliquen contacto co sangue e outros fluídos corporais reciban no último curso da súa formación unha pauta vacinal completa de alomenos 3 doses.

8. Conseguir para 1997 que o 90% dos pacientes hemofílicos incluídos en programas de hemodiálise ou que vaian ser politransfundidos reciban unha adecuada pauta vacinal.

9. Poñer en marcha sistemas efectivos de captación dos conviventes e parellas sexuais dos portadores HBsAx identificados a través das Unidades ou Servicios Clínicos involucrados no manexo das hepatites víricas.

10. Conseguir que os profesionais sanitarios, no curso da súa práctica clínica, identifiquen persoas de alto risco de infección polo VHB e as capten para a vacinación, se procede.

11. Que os profesionais sanitarios coñezan e apliquen correctamente as pautas de profilaxe postexposición axeitadas a cada situación.

12. Transmitir eficazmente ós grupos de risco e ós portadores identificados contidos de educación sanitaria en relación á transmisión da infección por VHB e como previla.

## CADRO DE MARCADORES DA HEPATITE B E DELTA

| HBsAx | ANTI HBc | ANTI HBcIgM | HBeAx | ANTI HBe | ANTI HBs | ANTI HDV | ANTI HDVIgM | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| + | + | + | +/- | +/- | - | - | - | HEPATITE B AGUDA |
| - | + | + | - | - | - | - | - | HEPATITE B AGUDA «PERÍODO VENTÁ» |
| + | + | - | - | +/- | - | - | - | PORTADOR CRÓNICO HB |
| + | + | + | + | - | - | + | + | COINFECCIÓN B+D |
| + | + | - | +/- | +/- | - | + | + | SOBREINFECCIÓN B+D |
| - | + | - | - | + | + | + | - | RECUPERACIÓN B+D |
| - | + | - | - | + | + | - | - | RECUPERACIÓN HB |
| + | + | -/+ títulos baixos | +/- | +/- | - | - | - | HEPATITE B CRÓNICA |
| + | + | - | +/- | +/- | - | + | + títulos baixos | HEPATITE DELTA CRÓNICA |

## SOLICITUDE DE MARCADORES PRE E POSTVACINAIS DA HEPATITE B

| GRUPOS DE RISCO | ESTUDIO DE MARCADORES PREVACINAIS | VACINACIÓN | ESTUDIO POSTVACINAL DO ANTI-HBs (1) |
|---|---|---|---|
| RECÉN NACIDOS FILLOS DE NAI PORTADORA (HBsAx positivas) | NON | SI | SI (2) |
| PERSOAL SANITARIO E PARASANITARIO | NON | SI | SI |
| MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS E MENORES INSTITUCIONALIZADOS | NON | SI | NON |
| PERSOAS QUE CAMBIAN FRECUENTEMENTE DE PARELLA SEXUAL (HOMOSEXUAIS E HETEROSEXUAIS) | SI | SI | NON |
| HEMODIALIZADOS, HEMOFÍLICOS E POLITRANSFUNDIDOS | SI (3) | SI | SI (4) |
| CONVIVENTES E PARELLAS SEXUAIS DE PORTADORES | SI | SI | NON |
| USUARIOS DE DROGAS POR VÍA PARENTERAL (UDVP) | SI | SI (5) | SI (6) |
| INTERNOS EN INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS | SI | SI (5) | SI (6) |

(1) Entre 1 e 6 meses tralo remate da serie vacinal (excepto nos recén nacidos de nai portadora, ver máis adiante). Título de protección adecuado de anti HBs: > 10 mUI/ml.

(2) Nos recén nacidos de nai portadora (HBsAx positiva), realiza-lo test entre 3-9 meses, despois completa-la serie vacinal.

(3) Si, se levan certo tempo no Programa. Recoméndase a vacinación en estadios precoces (por ex: uremia).

(4) Cada ano.

(5) Catro doses. A primeira dose a cegas sen coñecemento dos marcadores, pero logo, e dependendo dos marcadores, se suspende a pauta ou se completa.

(6) Só ós que sexan VIH(+) e nos que se sospeite unha alta probabilidade de estar infectados, aínda que refiran ser negativos.

• • •

**SUBSCRICIÓNS Dirixi-la solicitude ó Servicio de Epidemioloxía. Subdirección de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Lázaro, s/n. 15771 Santiago de Compostela.**

Imprime: Galicia Editorial, S.A. (Gaesa) - Depósito Legal: C 688-1986